

TRABALLO: “AS MAL PAGADAS”

A PRECARIIDADE LABORAL FEMININA

COMPETENCIAS A TRABALLAR:

Tal e como se indica na LOMCE, as competencias clave ha de estar integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares, polo que todas as áreas do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado.

As competencias clave que se establecen na LOMCE e que se pretenden traballar con esta actividade son:

- **Competencia en comunicación lingüística:** Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de xeito oral e escrito.
- **Competencia dixital:** Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.
- **Aprender a aprender:** Implica que o alumnado desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nela, organizar tarefas e tempos, e traballar de xeito individual e colaborativo para conseguir un obxectivo.
- **Competencias sociais e cívicas:** Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativo e democrático na vida social e cívica.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor:** Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

PROFESÍONS A ANALIZAR E DISTRIBUCIÓN DOS TRABALLOS

PROFESÍONS / POSTOS DE TRABALLO	Grupo de Traballo
MARISCADORAS OU REDEIRAS	DEPARTAMENTO
PROFESORAS DE INFANTIL (Traballadoras de garderías)	MANUTENCIÓN
XEROCULTORAS (Auxiliares ou cuidadoras en residencias da terceira idade)	DEPARTAMENTO
EMPREGADAS DO FOGAR	DEPARTAMENTO
AXUDANTES DE COCIÑA	DEPARTAMENTO
PERSOAL DE LIMPEZA	DEPARTAMENTO
OPERARIA EN INDUSTRIA ALIMENTACIÓN (conxelados, conserveiras...)	DEPARTAMENTO
DEPENDENTAS COMERCIO TEXTIL	DEPARTAMENTO
CAIXEIRAS SUPERMERCADOS	DEPARTAMENTO
TRABALLOS ADMINISTRATIVOS (auxiliares administrat., recepcionistas, oficinistas...)	DEPARTAMENTO

Calquera das parellas pode propor outra profesión feminizada sempre e cando non coincida co listado que vos din nin coas profesións traballadas por outras compañeiras e compañeiros. Para iso deberedes enviarme un mail ao correo rakelmrivas@gmail.com coa proposta e esperaredes á miña confirmación. Tamén no caso de que queirades intercambiar entre vos as profesións asignadas, debedes poñervos en contacto connigo e esperar a confirmación.

NORMAS E REQUISITOS DO TRABALLO:

CONTIDO: Os contidos a tratar dividiranse en 6 partes:

1ª parte: Introducción. Datos estatísticos sobre número de traballadoras e traballadores nese sector – profesión.

2ª parte: Datos laborais. Convenio colectivo do sector polo que se regulan, contratos máis utilizados no sector (información que se pode obter das estatísticas do SEPE), descrición do posto de traballo (que se fai nese posto), se é un posto con responsabilidade ou depende dun/ha superior xerárquico/a, se a xornada é completa ou parcial, horario partido ou continuo.




3ª parte: Prevención de riscos. Cales son os principais factores de risco do sector e do posto de traballo. Accidentes de traballo e enfermidades profesionais máis frecuentes.

4ª parte: Procura de emprego. Indicar os requisitos de formación que se necesitan para desenvolver ese traballo. Investigar se é un traballo no que hai moita oferta de traballo e cal é o perfil máis común que se pide nas ofertas.

5ª parte: Entrevista/s. Entrevista de traballo con unha ou dúas traballadoras do sector (a entrevista pódese facer ás dúas traballadoras á vez). Na entrevista procurase obter información de como son as condicións laborais (tipo de relación laboral – contrato, xornada, vacacións, salario, número de traballadoras e traballadores que hai nese posto no seu traballo, quen é a persoa superior xerárquica (outra muller ou un home), como accederon ao posto de traballo (enviaron CV, entrevista de traballo), como foi a entrevista de traballo (se lle fixeron preguntas persoais acerca de se tiña fillas/os ou intención de telas, parella), facilidades/dificultades para conciliar, facilidades/dificultades da parella para conciliar, se o traballo é seguro, cales son os riscos máis frecuentes aso que están expostas (de seguridade, ambientais, ergonómicos e psicosociais -mobing, acoso, burnout, insatisfacción laboral, dobre xornada-, embarazo ou lactación....) etc.

6ª parte: Investigación sobre agrupacións e reclamacións de melloras. Investigar se no sector existen asociacións, agrupacións que loiten pola mellora das condicións laborais e se as condicións que teñen actualmente no seu traballo son grazas a loitas e reclamacións de melloras de algún colectivo (por exemplo, cando a mariscadora da mesa redonda comentou que as súas condicións laborais melloraron cando se agruparon e comezaron a reclamar melloras no seu traballo como colectivo organizado).

FORMATO: Os requisitos de forma do traballo serán os seguintes:

-  Deberase recoller a firma da autorización de gravación de contidos audiovisuais que se adxunta por parte da persoa gravada.
-  O traballo **realizarase en formato Power Point**, y enviarase á profesora en formato power point, vídeo de windows media ou pdf.
-  O traballo constará dunha **portada**, na que se indicará o título do traballo, o curso e o nome e apelidos das persoas autoras, un **índice** onde se incluírán os principais puntos a tratar, un **corpo**, onde se

exporán con texto e imaxes os contidos a tratar, a **entrevista** indicada, e **bibliografía**, onde se reflectirán as fontes consultadas, incluíndo as fontes das imaxes. Tamén se poderán incluír outros vídeos de curta duración sobre os contidos a tratar.

- ✚ O traballo terá unha **extensión mínima de 9 diapositivas e máxima de 15**, incluída a portada, o índice e a bibliografía.
- ✚ O traballo **enviarase nos formatos indicados máis arriba (vídeo de windows media, pdf, power point) á profesora a través da aula virtual.**
- ✚ A **data límite para entregalo** traballo será o **mércores 22 de maio de 2.019 a las 23:55 horas.**
- ✚ Os **días 23 e 28 de maio** os alumnos deberán **expor** tales traballos na aula.

A non observación destas normas así como a presentación fora de prazo será penalizado, de tal xeito que o traballo será cualificado cunha puntuación de CERO.